



**JUAN MARQUINA FUENTES, VICESECRETARIO XERAL DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:**

C E R T I F I C O: Que o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria do día **31 de marzo de 2016**, adoptou, co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourenzana (2) e o voto en contra do deputado do BNG (1), o seguinte acordo:

**MODIFICACIÓN N.º 1/2016 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO
PARA O EXERCICIO 2015.-**

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Trabajo para o exercicio 2015, mediante a creación dun novo posto, coa súa correspondente praza, de interventor – asesor no Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, coas mesmas características do posto de idéntica denominación xa existente (engadindo a previsión específica de que pode ser asignado a funcionarios da subescala de Intervención - Tesourería en caso de cesamento en postos de libre designación), e que son as seguintes:

Denominación: Interventor Asesor,

Categoría profesional: Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala Intervención - Tesourería. Grupo A1.

Nivel 29.

Carácter: Posto non singularizado.

Forma de provisión: Concurso ordinario / unitario, segundo a normativa específica de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional. Posto susceptible de asignación a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional da subescala indicada en caso de cesamento en postos de libre designación.

2º) Someter a modificación inicialmente aprobada ao trámite de información pública por termo de vinte días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. No



caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o trinta e un de marzo de dous mil dezaseis.

V. e pr.

O PRESIDENTE,